



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas externas

Materia	Prácticas externas			
Código	V08G081V01981			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Farto Piay, Tomás			
Profesorado	Farto Piay, Tomás			
Correo-e	tfarto@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia optativa "práctica externas" ten como obxectivo aplicar os coñecementos teóricos adquiridos no Grao en Dereito á práctica.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	Descrición
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C7	CE7 - Reconstruír e avaliar argumentacións xurídicas complexas
C16	CE20 - Ser capaces de entender correctamente os documentos que integran con carácter xeral un expediente administrativo e de actuar conforme a Dereito nun procedemento, tanto desde da posición da Administración como desde a das persoas e empresas interesadas
C23	CE29 - Ser capaz de manexar fontes xurídicas informatizadas
C33	CE41 - Saber interpretar e aplicar as normas que regulan os dereitos fundamentais así como as súas garantías
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D2	Uso de linguas estranxeiras nas actividades das diferentes materias.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Aplicar os coñecementos teóricos á práctica.

A1	B1	C7	D1
A2	B2	C16	D2
A3	B3	C23	D3
A4	B4	C33	D4
A5			D5

Contidos

Tema

Realización das prácticas externas Colaboración con tarefas relacionadas co ámbito xurídico en empresas, despachos, administración e institucións públicas de interese xurídico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas de forma autónoma	0	9	9
Prácticum, Practicas externas e clínicas	135	0	135

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución de problemas e elaboración polo/a alumno/a das memorias previstas na normativa de prácticas externas da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Realización da práctica externa na empresa ou institución pública asignada ao estudante de conformidade coa normativa de prácticas externas do grado en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Atención personalizada polo/a titor/a externo/a e académico/a
Resolución de problemas de forma autónoma	Atención e resolución de dúbidas, durante a fase de elaboración de memorias, polo titor/a académico/a

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas de forma autónoma	Elaboración e presentación do informe realizado polo alumnado	50	A1	B1	C7	D1
			A2	B2	C23	D2
			A3	B3	C33	D3
			A4	B4		D4
			A5			D5
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Informe realizado polo titor da entidade na que o estudante realice as prácticas.	50	A1	B1	C7	D1
			A2	B2	C23	D2
			A3	B3	C33	D3
			A4	B4		D4
			A5			D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

1.- Segunda oportunidade : avaliaranse as competencias e aspectos non superados na primeira convocatoria.

2.- Segundo a normativa de Prácticas externas, a avaliación das prácticas levarase a cabo polo titor/a académico/a asignado ao alumnado. O devadito titor académico/a elaborará un Informe de Valoración Final no que determinará a cualificación final, tendo en conta que para poder superar a materia, é necesario non faltar inxustificadamente a máis dun 10% das horas que conforman a práctica, así como entregar ao titor/a académico/a no prazo de quince días naturais a contar desde o día en que conclúen as prácticas, ao Informe de Prácticas Externas, axustándose ao modelo incorporado ao Anexo I da presente normativa.

3.- A calificación, sobre 10 puntos, será o resultado da suma dos seguintes elementos:

- o 50% da calificación, sobre 10 puntos, que figure no Informe de Seguimento emitido polo titor/a da entidade externa.
- o 40% da calificación, sobre 10 puntos, que o titor/a académico outorgue ao informe das prácticas externas entregada polo alumnado.
- o 10% restante da calificación, sobre 10 puntos, atribuírase polo titor académico en atención a valoración global que realice do conxunto da actividade desenvolvida polo alumno/a. En particular, deberá tomar en consideración o nivel de

cumprimento global durante todo o período de prácticas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Recomendase completar esta guía coa lectura da normativa do Centro relativa as Prácticas Externas.
